

Concello de Covelo

Expte. n.º: 938/2025

DECRETO DE ALCALDÍA

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo (provincia de Pontevedra), en exercicio das funcións contempladas nos artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como no artigo 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

No marco do programa de actividades culturais que o Concello de Covelo ten previsto realizar no presente ano 2025, preténdese levar a cabo a celebración de tres concursos: Concurso de Tortillas, Concurso de Croquetas e Concurso de Postres. Para o desenvolvemento destas actividades e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases e convocatoria que rexerán os XIV concursos con motivo das festas patronais 2025.

Segundo.- Ordenar a publicación da convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

Asinado electronicamente polo alcalde, do que eu como secretario-interventor, dou fe aos efectos exclusivamente do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

O alcalde

O secretario-interventor

Juan Pablo Castillo Amigo

Jacobo Manuel Rayón Cedeira

ANEXO

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS XIV CONCURSOS CON MOTIVO DAS FESTAS PATRONAIS 2025, SÁBADO 23 DE AGOSTO DE 2025.

CONCURSO DE TORTILLAS, CONCURSO DE CROQUETAS E CONCURSO DE POSTRES

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria, o fomento da participación dos veciños e veciñas en actividades de índole creativa, gastronómica, de lecer e entretemento, nos actos programados co gallo das Festas Patronais 2025, a través da participación no:



Concello de Covelo

- CONCURSO DE TORTILLAS
- CONCURSO DE CROQUETAS
- CONCURSO DE POSTRES

2. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Destínase un crédito máximo de 450,00 € que se imputará á partida 338.226.99 do orzamento de gastos do exercicio 2024 en situación de prórroga legal para o 2025, para os premios dos gañadores dos distintos concursos programados co gallo das Festas Patronais 2025.

3. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas interesadas.

Quedan excluídos do concurso calquera empregado do Concello, pero non os seus fillos, xa que se considera que os/as nenos/as non teñen por que verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado (fillos ou parellas).

A participación nestes concursos supón a plena aceptación das presentes Bases e a conformidade coas decisións do xurado.

4. INSCRICIÓNS

O prazo de admisión nos concursos abrirase no momento da publicación das bases e o prazo de inscrición pecharase o mesmo día do concurso ás 20.00 h o sábado 23 de agosto 2025. As tortillas, croquetas e postres deben presentarse na praza Mestre Cerviño de Covelo o día do concurso.

5. REQUISITOS

Concurso de Tortillas

Os participantes deberán traer unha tortilla ou tortillas compostas polos ingredientes básicos: pataca, ovo, aceite, sal e opcionalmente, cebola. **En ningún caso levarán calquera outro ingrediente.**

No momento do concurso a organización entregará un número identificativo a cada participante que coincidirá con cada tortilla presentada, que será o que miren os xuíces.

Concurso de Croquetas

Os participantes **presentarán mínimo unha ducia de croquetas.**

A receita das croquetas é totalmente libre. Os ingredientes deberán de traerse detallados nun folio (sen cantidades) no momento da presentación ao concurso.

Poderá presentarse máis dunha receita por persoa pero sempre respetando a cantidade de 12 croquetas por receita.

No momento do concurso a organización entregará un número para o concursante identificativo que coincidirá con cada receita de croquetas presentada, que será o que miren os xuíces.

Concurso de Postres



Concello de Covelo

Os participantes presentarán no concurso de postres, un postre ou postres onde se lles entregará un número identificativo, un para o concursante e outro para cada postre presentado, que será o que miren os xuíces.

6. DESENVOLVEMENTO DOS CONCURSOS

Celebraranse o sábado 23 de agosto de 2025 ás 20:00 horas na Praza do Mestre Cerviño (Covelo), onde se degustarán as tortillas, croquetas e postres presentados por parte do xurado.

7. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado, como en tódalas edicións, será un xurado común ós tres concursos e estará formado por diversas persoas cualificadas para exercer esta función, en número impar, presidido polo Alcalde, e actuando como secretaria, a Xuíza de Paz do Concello de Covelo.

Os Vogais:

- Un/unha reposteiro/a
- 2 cociñeiros/as

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO XURADO

Concurso de Tortillas: O xurado valorará o sabor e a calidade, de 1 a 10 puntos.

Concurso de Croquetas: O xurado considerará, prioritariamente a creatividade no sabor, valorando a idoneidade dos ingredientes e valorando de 1 a 10 puntos o sabor, e de 1 a 10 puntos a orixinalidade.

Concurso de Postres: O xurado valorará os postres, cun máximo de 20 puntos:

- a) **Premio ó sabor:**
 - Sabor (de 1 a 10 puntos)
 - Dificultade (de 1 a 10 puntos)
- b) **Premio á presentación:**
 - Orixinalidade (de 1 a 10 puntos)
 - Dificultade (de 1 a 10 puntos)

O fallo do xurado levarase a cabo o mesmo día do concurso, onde se terán expostas as receitas presentadas.

O xurado reservase o dereito de declarar deserto algúns dos premios, por falta de asistencia de participantes ou que estes non se axustaran ás bases do concurso.

9. PREMIOS



Concello de Covelo

Concurso de Tortillas

Establecerase 1 premio:

O premio consistirá nun cheque agasallo valorado en 100,00 € e un diploma.

Concurso de Croquetas

Establécense dúas categorías de participantes cos seguintes premios:

- **Premio ó sabor:** un cheque agasallo de 75,00 € e un diploma.
- **Premio a orixinalidade:** un cheque agasallo de 75,00 € e un diploma.

Concurso de Postres

Establécense dous premios:

- **Premio ó sabor:** Cheque regalo por valor de 100,00 € e un diploma.
- **Premio á presentación máis orixinal:** Cheque agasallo por valor de 100,00 € e un diploma.

Os premios faranse efectivos no momento do fallo do xurado. O premio, só se entregará se o premiado está presente; de non estar presente, o premiado será o seguinte na puntuación.

Os premios non se darán en metálico senón en formato cheque-agasallo que se poderá trocar en calquera establecemento comercial situado dentro do termo municipal do concello de Covelo, ata o 31 de outubro de 2025. **Soamente nun único establecemento.**

Cando a persoa teña decidido onde vai a realizar o troco do cheque-agasallo deberá comunicalo na Secretaría-Intervención do Concello para que a persoa responsable autorice ese gasto e se poña en contacto co establecemento para comunicarlle os datos da persoa premiada xunto co importe do gasto. Este gasto deberá ser exactamente igual que o importe do premio. En todo caso antes do 14 de novembro de 2025 deberá achegarse a factura a nome do premiado a través do Rexistro xeral para o pago delegado do mesmo.

10. CESIÓN DOS ALIMENTOS OBXECTO DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO

Os participantes cederán as tortillas, croquetas e postres despois da valoración do xurado para os asistentes ao concurso así promovendo e facilitando ós asistentes a degustación das mesmas.

11. RESPONSABILIDADE E CESIÓN DOS DEREITOS DE IMAXE

A dirección do Concello de Covelo pide o consentimento aos participantes para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo que se poidan realizar aos participantes do citado concurso anteriormente, nas diferentes secuencias e actividades realizadas e fóra da mesma. Para actuar ao amparo da lexislación vixente, é preciso que os participantes autoricen a que poidan ser fotografiados a través da sinatura na presente autorización.

Así mesmo, cumprindo a lexislación vixente, é preciso que os pais, nais ou titores legais dos menores de idade participantes autoricen a que o seu fillo/filla poida ser fotografiado a través da sinatura da



Concello de Covelo

presente autorización, para que poida ser válida tanto a súa participación no citado concurso coma na cesión dos dereitos de imaxe.

Deste xeito, os participantes cederán os seus dereitos de imaxe ao Concello de Covelo a través da autorización adxunta no Anexo I destas mesmas bases. Cumprindo deste xeito, baixo autorización previa dos mesmos, coa normativa legal vixente en cuestión. Tendo como obxectivo que estes poidan aparecer imaxes dos seus participantes durante a realización do Concurso de tortillas, croquetas e postres da XIV Edición do Concurso das Festas Patronais do Concello de Covelo no ano 2025.

E dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución Española e regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais.

12. RESPONSABILIDADE E PROPIEDAD INTELECTUAL

Mediante o premio, o Concello de Covelo adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, todos os dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderán libremente e sen pago de máis prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.

13. PUBLICIDADE

As bases e a súa convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Covelo.

ANEXO I

AUTORIZACIÓN CESIÓN DOS DEREITOS DE IMAXE DO/AS PARTICIPANTES

O dereito á imaxe está recoñecido polo artigo 18.1 da Constitución Española e sendo mesmante regulado pola Lei sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Consonte esta normativa non se poderá publicar ningunha foto dos participantes deste concurso sen o previo consentimento dos mesmos ou no caso de tratarse de menores, dos seus pais/nais ou titores. Para iso o Concello de Covelo solicita dita autorización, ao comezo de cada participación no concurso, para a toma e utilización de fotografías ou vídeos dos mesmos no ámbito exclusivamente cultural e promocional:

- A captación e reprodución de imaxes dos participantes durante a súa participación ou presenza nas actividades e eventos organizados polo Concello de Covelo sexa cal for o medio utilizado para cada captación ou reprodución da imaxe.
- A inclusión de imaxes en axenda cultural – turística - gastronómica, carteis, trípticos e demais materiais utilizados para publicitar, apoiar ou difundir as actividades que sirvan ás propostas do Concello de Covelo.

Coa inclusión das novas tecnoloxías dentro dos medios didácticos ao alcance do Concello de Covelo e



Concello de Covelo

a posibilidade de que nestes poidan aparecer imaxes dos seus participantes durante a realización do **CONCURSO DE TORTILLAS, CROQUETAS E DE POSTRES DA XIV EDICIÓN DO CONCURSO DAS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025 DO CONCELLO DE COVELO**.

E dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución Española e regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais.

A dirección do Concello de Covelo pide o consentimento aos participantes para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo que poidanse realizar aos participantes do citado concurso anteriormente, nas diferentes secuencias e actividades realizadas e fóra da mesma. Para actuar ao amparo da lexislación vixente, é preciso que os participantes autoricen a que poidan ser fotografiados a través da sinatura na presente autorización.

Así mesmo, cumprindo ao amparo da lexislación vixente, é preciso que os pais, nais ou titores legais dos menores de idade participantes autoricen a que o seu fillo/filla poida ser fotografiado a través da sinatura da presente autorización, para que poida ser válida tanto a súa participación no citado concurso coma na cesión dos dereitos de imaxe.

D/D^a _____ co n^o de
DNI/NIE _____ participante, pai, nai ou titor legal do menor
participante _____ no **Concurso de
tortillas, croquetas e postres da XIV Edición do Concurso das Festas Patronais do Concello de
Covelo no ano 2025**.

Polo tanto, por medio da presente **AUTORIZO A:**

Ó Concello de Covelo para que o participante apareza en calquera das diversas fotografías e vídeos que se vaian realizando durante o tempo que dure a celebración do concurso e nas distintas actividades que nel desenvólvanse. A utilización destas gravacións e fotografías será no ámbito cultural e promocional. Se vostede decide NON autorizar a que poida ser fotografiado/a ou o seu fillo/a menor de idade, debe saber que durante os actos do **Concurso de tortillas, croquetas e postres da XIV Edición do Concurso das Festas Patronais do Concello de Covelo no ano 2025**, no que os asistentes tomen fotos aos participantes tanto maiores de idade coma menores, o Concello de Covelo NON se responsabilizará de que poida ser fotografiado por algún deles.

Esta autorización será válida dende a celebración do **Concurso de tortillas, croquetas e postres da XIV Edición do Concurso das Festas Patronais do Concello de Covelo no ano 2025** ata que se manifeste o contrario, é dicir, comunicando, enchendo e presentando no Rexistro de Entrada do Concello de Covelo a “non autorización” e quedando mesmamente impedido a participación do concurso e do correlativo premio en caso de ser o premiado/a. Non será válido ningún documento de “non autorización” ou “renuncia” se antes non pasou polo Concello de Covelo a facer dita instancia ou tramitación.

SINATURA DO PARTICIPANTE OU PAI, NAI OU TITOR/A

Covelo, _____ de _____ do 2025.

